

## CALENDARIOS DE COMPETICIÓN E OUTROS ACTOS

### **1º DÍA. Luns 11 de xullo**

Chegada de todos os participantes ao longo da xornada de mañá.  
Aproximadamente ás 19,00 horas celebrarase a primeira das competicións, o atletismo en ruta, a desenvolver polas principais rúas da Cidade.

### **2º DÍA. Martes 12 de xullo**

Comenza a competición en todas as disciplinas, rematando a última hora da mañá as que se refiren ao atletismo en pista, o atletismo para discapacitados e a natación.

Pola tarde e sen que polo momento estea definida a hora de inicio, terá lugar o ACTO OFICIAL DE INAUGURACIÓN a celebrar na Praza do Obradoiro, no que como é costume, estarán presentes autoridades políticas de todas as cidades participantes. Na última edición celebrada en Galicia no ano 2001 (Ourense), a inauguración oficial dos Xogos correspondeulle ao Presidente da Xunta.

### **3º DÍA. Mércores 13 de xullo**

Continúa a competición nas modalidades dos deportes colectivos, é dicir, baloncesto, balonmán, fútbol a 7 e voleibol.  
Remata este mesmo día a primeira fase de clasificación.

### **4º DÍA. Xoves 14 de xullo**

Continúa a competición coa segunda fase estruturada en dous grupos -os que xogan por ser campións e os que compiten polos postos do 5º en adiante -.  
Ao diminuír a carga competitiva iníciase o **programa de actividades paralelas**, ofertándose determinadas alternativas tales como visitas culturais, asistencia a exposicións, visitas turísticas, etc.

### **5º DÍA. Venres 15 de xullo**

A competición entra no seu tramo final definíndose nesta xornada os equipos que disputarán as finais en cada unha das modalidades.  
Continúase coa oferta do programa de actividades paralelas.  
Coincidindo co inicio das festas do Apóstolo, invítase a que todos os participantes poidan asistir ao pregón e ao primeiro concerto previsto para este día. Este acto de carácter social servirá como CLAUSURA OFICIAL DOS XOGOS.

### **6º DÍA. Sábado 16 de xullo**

Remate dos xogos coa disputa das finais en cada unha das modalidades colectivas.  
Arredor das 18,00 horas, regreso de todas as seleccións á súa cidade.

### NÚMERO DE PARTICIPANTES E IDADES

CIDADES DO NORTE DE PORTUGAL	NÚMERO DE PARTICIPANTES
Braga	30
Bragança	52
Viana do Castelo	49
Chaves	42
Vila Real	100
Peço da Regua	33
Vila Nova de Gaia	98
Guimaraes	100
Porto	89
<b>TOTAL.-</b>	<b>609</b>

CIDADES GALEGAS	NÚMERO DE PARTICIPANTES
Vigo	106
Vilagarcía de Arousa	74
Monforte de Lemos	55
Pontevedra	116
Ourense	115
Lugo	68
Ferrol	83
Santiago de Compostela	98
<b>TOTAL.-</b>	<b>715</b>

**PERSOAL DE ORGANIZACIÓN E ORGANIGRAMA**



### 3.e.- INFRAESTRUTURA DEPORTIVA

Unha rede composta por 11 instalacións deportivas serán as responsábeis de acoller todas as modalidades previstas. Durante unha semana os principais equipamentos deportivos municipais e universitarios estarán a disposición dos Xogos do Eixo Atlántico, converténdose para a cidadanía de Santiago e comarca en potenciais puntos de encontro.

A relación de instalacións previstas son as seguintes:

MODALIDADE DEPORTIVA	INSTALACIÓN
BALONCESTO	Pavillón municipal de Santa Isabel Pavillón municipal de Vite Pavillón municipal Lorenzo de la Torre Pavillón municipal de Pío XII
VOLEIBOL	Edificio Multiúsos Fontes do Sar (3 canchas)
BALONMÁN	Pavillón universitario Pavillón municipal do Restollal
FÚTBOL A 7	Estadio municipal de San Lázaro e anexo
ATLETISMO	Estadio universitario
NATACIÓN	Piscina municipal de Santa Isabel

Figurará como instalación suplente para cubrir calquera tipo de urxencia o Pavillón do Instituto Rosalía de Castro.

#### TRANSPORTE INTERNO DOS XOGOS

Sede	Nº autobuses	Frecuencia
Multiúsos de San Lázaro	2	4 viaxes mañá/4 viaxes tarde
Multiúsos de Sar	2	4 viaxes mañá/4 viaxes tarde
Pavillóns de Vite e L. Torre	1	4 viaxes mañá/4 viaxes tarde
Pavillóns de Sta. Isabel e Pío XII	1	4 viaxes mañá/4 viaxes tarde
Pavillón Universidade	1	4 viaxes mañá/4 viaxes tarde
Autobús con servizo circular	1	1 viaxe mañá/1 viaxe tarde